COGAMI

OBSERVACIÓNS

ASUNTO: **ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA**

DIRIXIDO A:

Órgano ou entidade tramitadora: Dirección Xeral de Políticas Culturais

Departamento: Consellería de Cultura e Turismo - Dirección Xeral de Políticas Culturais

Esta Lei esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico dos centros museísticos de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo por tales os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural.

Así mesmo, a lei regula o establecemento dun Sistema Galego de Centros Museísticos, como estrutura organizativa e funcional na que se integren os centros dos que estamos a falar, a fin de mellorar a súa organización e funcionamento. O devandito Sistema estará presidido, para estes efectos, polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade

OBSERVACIÓNS VERSIÓN ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA , PUBLICADA NO PORTAL DE TRANSPARENCIA XUNTA

Valoramos a inclusión das seguintes medidas ao longo de todo o articulado, que garantice, recolla e promova as seguintes medidas:

1.- GARANTÍA DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, DESEÑO PARA TODAS AS PERSOAS ACORDE COAS INDICACIÓNS DA CONVENCIÓN INTERNACIONAL DOS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, E O REAL DECRETO LEXISLATIVO

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto revisado da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social

2.- GARANTIR A ELIIMNACIÓN DOS OBSTÁCULOS E CONDICIIÓNS QUE DIFICUNTEN OU IMPIDAN OS DEREITOS SOCIAIS, CULTURAIS, ECONÓMICOS (DESC) PREVISTOS NO ORDENAMENTO XURÍDICO QUE TEÑAN INCIDENCIA NO DEREITO AO ACCESO A CULTURA E PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS EN RÉXIME DE IGUALDADE EFECTIVA

3.- GARANTIR, PROMOVER E FOMENTAR A COLABORACIÓIN COAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, COMO FERRAMENTA DE PARTICIPACIÓN DA SOCIEDADE, E ESPECIAL, DAS PERSOAS CON MAIORES DIFICULTADES DE INCLUSIÓN SOCIAL E LABORAL, E/OU MAIORES NIVEIS DE APOIO NO EXERCIZO DOS DEREITOS.

4. Garantizar que tanto as xeracións actuáis como futuras con necesidades de apoio poidan acceder e disfrutar en igualdade de condicións e garantir que o réxime xurídico establecido nesta lei , quede garantizada.

5.- Levar a cabo accións precisas para promover o acceso de todas as persoas á cultura, tanto dende o punto de vista da asistencia e goce das manifestacións culturais como da participación activa na vida cultural que emane desta lei.

6.- Incorporar a prestación de servizos de intérpretes de lingua de signos nos casos en que sexan solicitados polas persoas con discapacidade, así como estalecemento de medios de apoio á comunicación oral.

7.- Nos termos establecidos polas condicións de accesibilidade e non discriminación no acceso a bens e servizos dispoñibles para o público, as entidades públicas ou privadas responsables da oferta derivada desta lei incorporarán os recursos humanos e materiais adecuados nos procedementos. que desenvolven para a atención a persoas con discapacidade, tendo en conta os distintos tipos de discapacidades.

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

8.- Potenciará a creación cultural das persoas con discapacidade, así como toda intervención derivada desta lei.
9.- Garantir que toda instalación, incluída a temporal derivada do desenvolvemento desta Lei ha de garantir e contar coas condicións de accesibilidade que permitan o seu uso non discrimitatorio por parte de persoas con discapacidade.
10.- Incorporación de definición ampla de persoas con discapacidade, acorde coas previsións da Convención Internacional e o Real decreto lexislativo 1/2013 antes referenciado.

11.- Garantía de acceso con medios de transporte público accesible para chegar a todo os centros museísticos e a garantía de que conten con espazos de estacionamento reservado para persoas con mobilidade reducida acorde coa normativa , independente do resto de prazas de estacionamento reservado existentes na contorna.

ESPECÍFICAS:

INTRODUCIR NA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- Necesario reforzar a importancia que a diversidade (referencia expresa á discapacidade e os avances que neste eido se xeran en canto á incremento da autonomía persoal, incremento do empoderamento e da dimensión activa das persoas con discapacidade, e de promocióin dos seus dereitos, que esixen maior esforzo para garantizar os dereitos económicos, Sociais e culturais de todas as persoas con discapacidade, así como de calquera outra persoa con limitacións na actividades e participación)

- A equiparación de oportunidades e o dereito ao goce do patrimonio cultural para todas as persoas, en cada unha das súas manifestacións, lévannos a establecer un necesario diálogo coa accesibilidad universal e deseño para todas as persoas. Ámbitos que se expresan de forma diferente pero que deben achegarse, estudarse e buscar medidas particulares, ao fin de garantir a igualdade de oportunidades de todas as persoas, e en especial das persoas

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

con discapacidade.

ARTICULADO:

PROPOSTA 1.- INCORPORAR NAS DEFINICIÓNS, REFERENCIAS A :

- Igualdade de oportunidades , non discriminación e accesibilidade universal, acorde coa Convención Internacional dos Dereitos das persoas con discapacidade e o Real decreto lexislativo 1/2013.
- Incorporar as novas tecnoloxías na oferta cultural que permta e mellore o uso e disfrute dos recursos por parte dos grupos sociais con maiores dificultades de inserción e/ou necesidades de medidas de accesibilidade

PROPOSTA 2.- Incorporar no articulado que establece as OBRIGAS DOS CENTROS MUSEÍSTICOS , como o artigo 6 e outros nos que se establezan , novas obrigas:

- Garantir o acceso á cultura e participación das persoas en réxime de igualdade efectiva sen que poida ter lugar discriminación algunha por razón de orixe, etnia, relixión, ideoloxía, xénero , orientación sexual, identidade sexual, discapacidade, crenzas, ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Promover as condicións para que o acceso e participación sexan reais e efectivas, removan os obstáculos que dificulten ou impidan o exercizo dos dereitos, e adoptando as medidas que sexan necesarias incluídas, as positivas, para asegurar a inclusión de persoas e grupos vulnerables e maiores dificultades de inclusión social, e persoas con discapacidade, e de acordo coa igualdade entre mulleres **e homes.**
- Garantizar a accesibilidade universal o deseño para todas as persoas así como as medidas de apoio, axustes razoables e calquera outro tipo de intervención integral que asegure, promova e permita a participación social, cultural , económicas e

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

- Fomentar a participación da sociedade a través das entidades sociais, especialmente as de tipo cultural, social e aquelas outras entidades sen ánimo de lucro de iniciativa social e a previsión dos instrumentos , mecanismos e/ou convenios correspondentes de colaboración.
- Identificación e sinalización das condicións de accesibilidade existentes.
- Contar cun plan ou programa de accesibilidade integral que recolla e contemple as necesidades e medidas previstas na materia co obxectivo d que todas as persoas con algún tipo de discapacidade, e/ou limitación permanente ou temporal para o desenvolvemento e participación, poidan acceder aos bens e resto de fondos que custodian os centros museísticos.

PROPOSTA 3.- Incorporar no articulado que establece os REQUISITOS ara creación e cualificación de centros museísticos, como o artigo 13, artigo 14, requisitos novos como:

- En relación á programación anual, que sexa inclusiva, e de ser preciso, que se inclúa nela, os, programas específicos para para o acceso e difrute das persoas con discapacidade.
- Dispoñer dunha planificación que garantice a participación da sociedade e, en especial, a colaboración coas entidades de iniciativa Sociais.
- Identificación e sinalización das condicións de accesibilidade existentes.
- Garantía de dotación de persoal con formación especializada na atención a persoas con discapacidade e/ou medidas de apoio ás persoas con discapacidade.

PROPOSTA 4.- En relación ao REXISTRO XERAL DE CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA, que aparece no artigo 16.2 do anteproxecto.

Incorporar a obriga de datos relativos ás condicións de accesibilidade universal, axustes razoables, medidas de apoio e calesquera outras actuacións dirixidas á garantizar a efectivo

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

acceso e difrute dos museos , coleccións museográficas, así como centros de interpretación e calesquera outros autorizados, por parte das persoas con discapacidade e persoas con maiores necesidades de apoio.

No artigo 21 en rlación ao persoal, incoroprase a obriga de que se formen en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e de xeito preferente ao persoal de atención ao público.

- Garantía de formación na prestación de apoios ás persoas con discapacidade do persoal encargado nos centros museísticos, tendo especial referencia ao trato persoal, as medidas de seguridade, as de accesibilidade, e emerxencia.

E a obriga de contar con profesionais especializados na atención de persoas con discapacidade e con competencias para garantir o bo funcionamento das medidas de apoio á accesibilidade adoptadas.

PROPOSTA 5.- En relacióni ao SISTEMA GALEGO DE CENTROS MUSEÍSTICOS, previstos no título II do anteproxecto.

Incluír como función:

- A garantía da accesibilidade universal, o deseño para todas as persoas así como a igualdade de oportunidades non discriminación das persoas con discapacidade
- A adopción de medidas de fomento para dar resposta as necesidades específicas de accesibilidade das persoas con discapacidade.
- O desenvolvemento de estratexias integrais de cultura inclusiva para todas as persoas, e a estratexia integral de accesibilidade universal á cultura, para promover e estandarizar a execución da accesibilidade en todas as iniciativas no ámbito cultural, de xeito que se cumpran as maiores demandas de calidade, tecnoloxía e adaptabilidade. Seguindo o principio de deseño para todos, a través do cal se promovaservizos e produtos inclusivos que serven a todas as persoas por igual,

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

independentemente das súas capacidades diferenciadas, incluídos os servizos de apoio ao uso e acceso a produtos, servizos, edificios, contornos físicos ou virtuais e soportes. E dende a perspectiva de difrute como espetador e como no exercizo á creación artísitca e xestión cultural.

- Garantía de participación das persoas con discapacidade en igualdade de condicióins e de non discriminación nos servizos, bens , instalacións , recursos accesibles que se poñan a disposición do público no ámbito da cultura, e actividades incluídas no réxime dos centros museísticos, tendo en conta as necesidades individuais e sendo preferente a súa inclusión con independencia das mediidas especificas que poidan establecerse,.

PROPOSTA 6.- En rleación a declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios previstas no artigo 31, no punto 2, **incluirase** xunto coas razóns expostas**, a referida a razóns de accesibilidade universal.**

PROPOSTA 7.- Nas **medidas de dinamización recollidas no Título V,** sería preciso incorporar referencias á g**arantizar como destino das medidas previstas no artigo 41,42,43,44 á mellora da accesibilidade universal , a igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas con discapacidade nos centros museísticos** que forman parte do sistema galego de Centros museisticos e no desenvolvemento dos proxectos.

PROPOSTA 8.- E en relación **áo fomento da actividade cientifica e cultural prevista no artigo 44 e a participación social prevista no artigo 45, identificar expresamente**:

- Promoverán a colaboración coa iniciativa social, no desenvolvemento das súas actividades, a través de asesoramento técnico, coordinación, planificación e apoio económico, sendo prioritaria e prestando especial atención ás institucións, asociacións e fundacións sen ánimo de lucro

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

promovidas por persoas con discapacidade, os seus familiares ou os seus representantes legais, tendo especial consideración os que traballan no rural.

- Garantía de medios de información que difundan calquera tipo de actividade derivada desta lei, identiicando se son accesibles e as características desa accesibilidade.
- - Incorporación de principios de diálogo civil que conte coa participación das entidades de iniciativa social máis representativas das persoas con discapacidade e das súas familias, e resto de entidades da economía social con implicación na promocióin e atención aos dereitos das persoas con discapacidade
- - Garantía de incorporación de medidas de informaciíon, formación e toma de conciencia social dirixidas a toda a poboación, con independencia do papel que asuma ,para garantizar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade unversal no eido cultural e de toda intervención derivada desta lei.

Atentamente,

Mª Jesús Pérez Piñeiro

Área Xurídica

COGAMI

En Santiago de Compostela a 1 de agosto de 2019

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI Pertencente a: COCEMFE Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.